

VII ENCONTRO DE ESCRITORAS/ES NOVAS/OS

Da palabra á acción

Sábado 24 de novembro 2012

AUDITORIO DA BIBLIOTECA DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

Monte Gaiás, Santiago de Compostela



Da palabra á acción

Sábado 24 novembro 2012 | AUDITORIO DA BIBLIOTECA DA CIDADE
DA CULTURA DE GALICIA

Monte Gaiás, Santiago de Compostela

Ingredientes: —3X3 creadoras/es de diferentes disciplinas inmersos nun proceso artístico durante varios meses, —a palabra como punto de partida, —o 24 de novembro como data de presentación e encontro co público, —o debate, a mostra do camiño percorrido, —a palabra feita acción

Con esta iniciativa, o VII *Encontro de escritoras/es novas/os* trata de ser unha pequena plataforma dende a que mostrar ao vivo tres xeitos diferentes de creación dun espectáculo escénico interdisciplinar, partindo das orixes ata a presentación ante o público e tendo como punto de partida o texto e a palabra. Unha oportunidade de achegarnos aos procesos de creación colectiva, rachando a soidade á que normalmente estamos acostumados e debatendo sobre eles, non só dende unha visión teórica senón tamén práctica.

<http://letrasnovas.blogaliza.org/>

wwwaelg.org/PalabraAudiovisual

presentación

Da palabra á acción

Sábado 24 novembro 2012 | AUDITORIO DA BIBLIOTECA DA CIDADE
DA CULTURA DE GALICIA
Monte Gaiás, Santiago de Compostela

Sábado 24 de novembro de 2012

M A Ñ Á

- 10:00h Chegada e presentación

- 10:30h Mostra do traballo grupo 1: BINGO-ME, SE TEÑO SORTE

Sinopse:

Caixas de zapatos. Stop. O azar xógase en cada número. Stop. Neve, serra eléctrica ou cafeteira. Non se sabe. Stop.

Integran o grupo:

María Rosendo é feminista, taberneira e poeta. De corpo *Nómade*, na actualidade vai migrando polos equinocios na cidade de Compostela. Sabe que na forza das mulleres está o camiño da emancipación.

Roberto Casteleiro é educador social, músico, e dalle con contar alguma cousa nos seguintes proxectos musicais: Koroiev, Fagot y Popota, Korokati, Primrose e Federico Testa.

Borja Fernández é actor e frontman no grupo de rock absurdo ES UN ÁRBOL. Colabora habitualmente con colectivos de artes escénicas coma Voadora, Chévere, Orquesta Metamovida, Pistacatro, Pt. Excéntricas, entre outros.

- 11:15h Mesa redonda sobre o proceso artístico e conversa co público.

Interveñen: María Rosendo, Roberto Casteleiro e Borja Fernández

- 12:00h Pausa/café

- 12:30 Mostra do traballo grupo 2: ESCOLA DO RESENTIMENTO

Sinopse:

Poesía, música e danza fúndense nun devir espontáneo e natural sobre a construción dun espazo imaxinario froito da investigación nos ámbitos da fala, o son e o movemento corporal a partir dos textos de poemario CRAC (Gonzalo Hermo, 2012). O resultado é unha combinación das especialidades de cada un dos integrantes do proxecto. Mais non todo é o que parece...

Integran o grupo:

Gonzalo Hermo é licenciado en Filoloxía Galega pola USC e actualmente traballa no Instituto da Lingua Galega. Os seus textos viron a luz en Revista das Letras, Andar21 ou Dorna. En 2010 gaña o 1º premio na modalidade de poesía do certame Xuventude Crea co poemario Crac editado por Barbantesa. É membro das Redes Escarlata.

Begoña Cuquejo é licenciada en psicoloxía e fórmase en danza contemporánea, butoh e creación escénica. Funda trasPediante e dirixe o Festival de danza e artes do corpo de rúa en Ourense, corpo(a)terra. Premio injuve por Habelas 2010, traballa noutras producións como trans-hito, nin1mm, Baleadas, planificar a caída. Foi directiva de Danesga no 2008 e 2009.

Ariel Ninás é un artista sonoro que traballa entre a música tradicional e a vanguarda experimental, principalmente coa zanfona onde toca na OMEGA, Ulobit ou Aia. Desenvolve a súa actividade profesional na produción e comunicación con aCentral Folque. No seu último proxecto en solitario desenvolve o concepto de "Música para peto" para instrumentos miúdos.

- 13:15h Mesa redonda sobre o proceso artístico e conversa co público. Interveñen: Gonzalo Hermo, Begoña Cuquejo, Ariel Ninás

programa

Da palabra á acción

Sábado 24 novembro 2012 | AUDITORIO DA BIBLIOTECA DA CIDADE
DA CULTURA DE GALICIA
Monte Gaiás, Santiago de Compostela

T A R D E

■ 16:30h Mostra do traballo grupo 3: MEDO

Sinopse:

Medo non se trata dun espectáculo baseado no terror senón na experimentación artística sobre o concepto do medo e da fobia. Trátase dunha mostra en imaxe, música e palabra na que tres artistas de diferentes campos exploran o medo tanto dende o punto de vista íntimo como dende o plano máis social do concepto (as fobias).

Integran o grupo:

Daniel Landesa é licenciado en filoloxía galega para desgracia da súa conta corrente e orgullo da parede onde seus pais colgaron a orla. Creativo, enquiskador, comercial de desparafusadores, bolseiro, desempregado, xefe de comunicación, amo de casa, docente, chaqueta vermella en elcorteingles, adestrador deportivo, conferenciante, borracho gracioso ou pai de familia son parte do seu currículo profesional ademais de narrador, escritor con vocación poética e membro de Poetas da Hostia.

Andrea Costas é mestra e na súa labor creativa emprega linguaxes como instalación, vídeo ou performance, e fotografía. As súas pezas foron mostradas en varias exposicións e a súa obra premiada en certames como Novos Valores (2001), Injuve (2002), Artes Plásticas Ourense (2007). Aparte dos libros de fotografía *Formas de Ser* (CEF 2002) e *Persoal e transferible* (CEF 2006), é co-autora xunto Yolanda Castaño do libro *Cociñando ao pé da letra* (Galaxia 2011).

mdmme é músico dende os quince anos e na actualidade compaxina a súa actividade performática con varias liñas de investigación relacionadas co son, espazo público, arte e medio rural e a labor docente dende o ano 2000 no proxecto pedagóxico Orquesta 3xploratoria. É coordinador do espazo Alg-a Lab e director do programa de investigación sobre arte e medio rural Verbenas Periféricas.

■ 17:15h Mesa redonda sobre o proceso artístico e conversa co público. Interveñen: Daniel Landesa, Andrea Costas e mdmme

■ 18:30h Palabra e movemento: o espello da imaxe.- Mostra de videopoemas, pezas de videoarte e videodanza

Entrada de balde até completar aforo

Organiza



Patrocina



fundación cidade
da cultura de galicia

programa